# OBRADOIRO DE LITERATURA

# LUGARES DE NOVELA: NORUEGA

**Coordina: Javier Pintor**

**Javier Pintor.** Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, é profesor de língua e literatura española de educación secundaria e na actualidade traballa como asesor de formación de profesores. Desde fai varios anos compatibiliza o seu traballo de formador coa impartición de cursos e conferencias, a dirección de obradoiros de lectura e a organización e promoción de eventos de ámbito cultural. Colabora escribindo resencións en distintos medios e coordinou diferentes revistas de ámbito educativo.

**PRESENTACIÓN: 18 de xaneiro, 19:00 horas.**
*Ibsen e a modernidade. Lectura recomendada: Casa de muñecas*

FUNDACIÓN LUIS SEOANE

Rúa San Francisco 27. 15001 A Coruña.
Tel. 981 216 015. Fax 981 216 379.
Email: info@fundacionluisseoane.gal

A literatura convídanos a desprazarnos e visitar outros espazos: a Grecia de Sófocles, a Praga de Kafka, a Lisboa de Pessoa, o París de Camus e Sartre, o Tokio de Murakami, a Budapest de Sandor Marai ou a Viena de Stefan Zweig.

A fecunda relación entre literatura e territorio inspira este obradoiro que terá a **Noruega** como protagonista. A riqueza, variedade e cantidade de producion literaria de calidade dun país con apenas cinco millóns de habitantes segue sendo sorprendente. Noruega posúe un dos mellores sistemas de bibliotecas públicas e un dos índices de lectura máis altos.

A concesión do premio Nobel a Jon Fosse no 2023 conseguiu suscitar de novo o interese pola literatura dun país cunha gran tradición cultural. A descripción desnuda e transparente do mundo interior dos seus protagonistas e a reflexión acerca das problemáticas sociais máis actuais está presente na obra de moitos dos seus autores. Unha poética cristalina atenta ao filosófico, ao espiritual e ao persoal do ser humano atraviesa moitas das súas creacións.

Conviven, pois, expresións íntimas con propostas próximas ao realismo social, formas máis vangardistas e experimentais inspiradas no realismo máxico xunto co auxe a finais do século XX da novela de suspense. Unha produción rica e variada que no seu momento chamou a atención de Hemingway e Borges, que confesaron a súa admiración polas sagas de tradición épica e a súa débeda con elas.

O obradoiro permitiranos analizar e comentar a obra de autores tan significativos na historia da literatura noruega como o dramaturgo Henrik Ibsen, o narrador Knut Hamsun (Nobel 1920) e o célebre Jostein Gaarder xunto a escritores de culto como Per Petterson ou Jon Fosse, entre outros.

1. Casa de muñecas, Henrik Ibsen (Alianza Editorial)
2. Victoria, Knut Hamsun (Nórdica Libros)
3. Salir a robar caballos, Per Petterson (Libros del Asteroide)
4. La herencia, Vigdis Hjorth (Nórdica Libros)
5. El hombre de las marionetas. Jostein Gaarder (Ediciones Siruela)
6. Elling. El baile de los pajaritos, Ingvar Ambjørnsen (Nórdica libros)
7. Trilogía, Jon Fosse (De Conatus)
8. Amor, Hanne Ørstavik (Duomo Ediciones)
9. Doppler, Erlend Loe (Nórdica libros)

**Grupo martes**: XANEIRO: 23; FEBREIRO: 6, 20 E 27; MARZO: 12 E 19
**Grupo xoves**: XANEIRO: 24 ; FEBREIRO: 8, 22 E 29; MARZO: 14 E 21
PREZO: 75 €. HORARIO: 19.30 / 21.00

# OBRADOIRO DE LITERATURA
# LUGARES DE NOVELA: NORUEGA

## FORMULARIO DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS:

ENDEREZO:

CORREO ELECTRÓNICO:

PÓDESE ENVIAR O FORMULARIO DE INSCRICIÓN POR CORREO ELECTRÓNICO / FAX

Nº de conta: **Abanca ES64 2080 0008 31 3040016673**

Email: info@fundacionluisseoane.gal

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais inscritos nesta actividade é a Fundación Luis Seoane, con enderezo na rúa San Francisco, 27, 15001, en A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas da Fundación sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa por correo electrónico: info@fundacionluisseoane.gal

Uso de fotografías e/ou vídeos: coa finalidade de promocionar a actividade desenvolvida pola Fundación, gustaríanos contar co seu consentimiento para a toma e publicación de imaxes e/ou videos nos que poida aparecer, para a súa publicación tanto na páxina web oficial da Fundación, con dominio www.fundacionluisseoane.gal, no perfil aberto en Facebook, Instagram e Twitter co nome "Fundación Luis Seoane", e/ou en publicacións que se poidan efectuar en medios de comunicación sobre os eventos e actividades organizados pola área de cultura da Fundación.
Por favor marque a casa que se axuste, en cada caso, aos permisos que quere darnos.

FOTOGRAFÍAS/VIDEOS

- ☐ Sí, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou videos, nos que eu poida aparecer a través das devanditas canles.
- ☐ Non dou o meu consentimento para que publiquen imaxes e/ou videos, nos que eu poida aparecer.

A Fundación Luis Seoane infórmalle que en calquera momento vostede poderá proceder a retirar o consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida ao enderezo enriba indicado, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron dende que se outorgou o consentimento ata que vostede nolo retirou.

PULSE PARA XENERAR
OU IMPRIMIR